



MANIFESTO POLO DÍA DA ATENCIÓN TEMPERÁ

Unímonos ao manifesto do GAT querendo sinalar con motivo do Día da Atención Temperá que a nosa comunidade é a menos recursos destina á Atención Temperá en toda España, estando moi alonxados do resto das comunidades, o que significa que o lugar de nacemento dos nosos fillos e fillas vai a condicionar a calidade da atención que reciban. Tendo saído de primeiros do ESTADO DE ALARMA, quedamos de últimos pola cola da ATENCIÓN TEMPERÁ.

A Atención Temperá debería incluír a todos os nenos e nenas de 0 a 6 anos que presentan problemas e preocupacións evolutivas nalgún momento do seu desenvolvemento, o que representa un 10% da poboación infantil desa franxa de idade. Supoñería atender en Galicia arredor de 10.000 nenos e nenas. Non dispoñemos de datos, sen embargo o presuposto da nosa comunidade en 2018 foi de 1.700.000€, a metade do destinado por comunidades como Extremadura, que ten a metade de poboación que Galicia, ou Castilla la Mancha, coa mesma poboación para atender pero cun presuposto de 7.500.000€ anuais en 2018.

REGADE reclama unha rede de centros de atención temperá equiparable a comunidades como Andalucía, Murcia, etc.

- De responsabilidade PÚBLICA e de xestión pública ou privada.
- Universal para todas as familias de 0-6 que a precisen.
- Accesible, gratuita, descentralizada e ubicada na proximidade, evitando desprazamentos.
- Sectorizada, con servizos de proximidade.
- Prestación garantizada incluída nas carteiras de servizos da nosa comunidade.

Concertación de servizos con Asociacións e entidades privadas sen ánimo de lucro, contemplado todo isto na Lei de 12/2013.